

Play-Doc 2007: a primavera do audiovisual galego

26-03-2007

O Festival Internacional de Documentais de Tui converteuse, con só tres edicións nas súa traxectoria, na cita esencial á que ten que ir toda a persoa que necesite volver a congraciarse co audiovisual. A Axencia Audiovisual Galega estivo alí e isto foi o que aconteceu...

Cando a ribeira do Miño comeza a tornarse verdecente, cando a luz que cae na Galicia meridional comeza a despertar de xeito explosivo a vexetación, nese xusto momento, comeza a cita anual no Play-Doc. O espectáculo da natureza abre as retinas fechadas pola inverneira e as deixa como novas para papar audiovisual do bo. Sorprende, de maneira agradábel, que unha cidade pequena como é Tui acolla unha actividade cultural de tan grande nivel. Un evento que xa quixeran para si poboacións de maior entidade. Play-Doc é un festival organizado, de maneira espléndida, por Anxo Santos e Sara García, unha bicefalia que conseguiu deseñar un acontecemento honesto con moitas posibilidades de medrar nas edicións vindeiras e cunha ampla proxección internacional.

Durante estes días Tui respirou documental por todos os seus recunchos. A capital do Baixo Miño converteuse durante cinco días nunha extraordinaria anfitrióna dando acubillo a unha escolma de grandes documentais, aos seus directores, expertos do xénero, produtores e creadores galegos, novos talentos, música, artistas e, o máis importante, unha afluencia de público desbordante. Deste modo, o Play-doc fai desta "Atenas audiovisual" do sur de Galicia un lugar acolledor onde ver, pensar e respirar bo audiovisual.

Actividades paralelas

Comezamos o repaso das actividades paralelas coa mostra de vallas publicitarias do artista Ron English. Amplas superficies de cor no que da volta a códigos e representacións estéticas para facer crítica da sociedade. Os concertos foron citas ineludíbeis onde por o fin a festa coa que se caracterizou cada día do festival.

Mais dentro do específico do audiovisual destacaron as dúas actividades nas que colaborou a Axencia Audiovisual Galega. Unha foi a dobre xornada na que tres expertos europeos na promoción documental conducidos por Enrique Nicanor disertaron sobre as características do documental. Jacques Laurent, Linda Beath e Catherine Buresi estiveron accesíbeis en todo o momento a todos os asistentes deste encontro. Unha pena que a asistencia de produtores galegos non fose a agardada, supoñemos entón, que o audiovisual galego atopa con facilidade oco en mercados internacionais... Mais para mitigar este absentismo previsíbel a Axencia Audiovisual Galega puxo a disposición do sector a súa última ferramenta pola cal, por medio de **TeutuboTV** podíase seguir estas charlas por video-conferencia atraveso da nosa páxina web.

A outra actividade na que estaba involucrada a Axencia Audiovisual Galega era o Obradoiro Avid, unha actividade na que se xuntaba tanto a formación como a produción. Nela cinco creadores fixeron unha obra en tres días sobre o tema das fronteiras. Neste contexto no espléndido Auditorio Municipal da Área Panorámica aconteceu un deses acontecementos especiais, unha experiencia audiovisual que só se pode dar una vez, nun contexto que nunca vai a volver a repetirse. Nun concurso sobre o montaxe, aos 540 persoas que ateigaban o patio de butacas, assistimos á proposta insólita dun plano secuencia de 5 minutos que violentou, de xeito admirábel, tanto a idea do propio concurso como as expectativas do público asistente. Por suposto, esta proposta tan arriscada non chegou ao público, e non se levou o premio, unha pena, mais, seguro, que o seu facedor -Eloy Enciso (director de *Pic-nic*, documental realizado coa axuda da Consellaría de Cultura e Deporte no 2006)-, amosou, con tan pouco, que ten sobradas dotes para aportar novos puntos de vista e anovar nisto do audiovisual. De seguro que se volverá a escoitar este nome!

Premios

Onte foi a gala de clausura e repartíronse os premios. Na sección oficial o premio ao mellor longametraxe foi para o documental sudafricano *The mother's house*, de François Vester, no que fai un retrato feroz da Suráfrica do pos-Apartheid. O xurado tamén decidiu conceder dúas mencións especiais para *Sister's in law*, de Kim Longinotto e Florence Ayisi que fala sobre os abusos sexuais a mulleres no Camerún, e *An ordinary family*, do sueco Fredrik Gertten, sobre a crise dunha familia arxentina de clase media.

Na categoría Atlántico, o premio foi parar para o portugués Jorge Pelicano, polo seu documental *Aínda há pastores?*, unha historia sobre a extinción do oficio de pastor nas montañas portuguesas da Serra da Estrela. No apartado de curtametraxes, o primeiro premio ex-aequo, foi para *A girl named Kai*, de Kai Ling Xue e *I want to be a pilot*, de Diego Quemada-Díaz.

Entre a produción galega destacou a estre de *Traballadores do contrabando* de Víctor Coyote na que revive unha práctica fronteiriza desaparecida, *Soños desde o abismo* de Sandra Sánchez no que se fai unha reflexión sobre a realización de *De Profundis* e as advertencias sobre o cambio climático de *2050* realizado por Ruth Chao e Javier Silva. Todos esta relación de filmes son documentais realizados baixo as axudas da Consellaría de Cultura e Deporte na convocatoria do 2006. Tamén convén destacar *Fronteiras* de Rubén Pardiñas, un interesante documental "ao Michael Moore" desmontando as posturas oficialistas respecto á identidade idiomática do galego que se fala fora do territorio de Galicia. Mais, entre todas as producións galegas brillou, en sobre maneira, que *Bs. As.* de Alberte Pagán, levándose o premio da sección Enfoque Galicia. Con este recoñecemento non só se premiou a este filme senón a un tipo de cinema feito ao marxe da industria, das produtoras e das axudas da administración. Isto que agora resulta estraño e exótico en Galicia vai a ir sendo cada vez máis común. Desta maneira, a proposta radical de Pagán fai que o audiovisual Galega xa teña unha obra que pode situarse á mesma altura de nomes internacionais como Wang Bing o Johan van der Keuken.